

# **ELECCIÓN XUNTA DE PDI**

**10 DE XUÑO DE 2015**

---

## **POLA RECUPERACIÓN DO PODER ADQUISITIVO DO PDI**

Por desgraza non é preciso lembrar a brutal perda de poder adquisitivo que o PDI da Universidade leva sufrindo dende os últimos anos. Primeiro foi a rebaixa salarial do último goberno Zapatero, as sucesivas conxelacións salariais (con todos os executivos), a perda da paga extraordinaria do 2012 xa co goberno Rajoy, e como remate a rebaixa imposta pola Xunta de Galicia nos dous últimos exercicios. Dado que as rebaixas non afectaron por igual a todos os colectivos, é imposible dar a porcentaxe exacta, se ben estimamos que en ningún caso debe baixar dun 20/25 %, porcentaxe á que debemos sumar que, a diferenza doutras Universidades, a Universidade de Vigo non aboa nas pagas extraordinarias o 100% do complemento específico correspondente a quinquenios e cargo académico, o que ao noso entender debía estar facendo dende o ano 2007.

Fronte a estes recortes, cómpre recoñecer que o éxito das mobilizacións foi moi cativo, e a día de hoxe unicamente houbo progresos na recuperación de parte da paga extraordinaria (25% na Universidade de Vigo) e a promesa de recuperar o 75% restante en dous anos.

Por iso e sobre a última cuestión mencionada, un grupo moi numeroso de PDI da Universidade entendeu que era mais eficaz defender nos tribunais os seus dereitos, presentando a correspondente demanda. Dende a AGPTU entendimos que era de xustiza, polo que a apoiamos activamente, con xestións tendentes a minimizar o traballo administrativo (froito das cales as nóminas dos diferentes anos foron de novo accesibles na web, sen ter que pedilas por Rexistro). A día de hoxe, dado que a inicial sentenza foi recurrida, comprometémonos a continuar co noso apoio a esta reivindicación, na medida que o profesorado implicado nolo solicite.

Por outra banda sería demagórico, se ben nos comprometemos a seguir denunciando e trasladando a nosa reivindicación aos estamentos responsables, prometer a recuperación do salario perdido. De entrada, porque non está entre as competencias da Reitoría fixar salarios. Pero si que forma parte da autonomía universitaria a decisión de como levar a cabo os recortes. Referímonos á decisión tomada pola Universidade de Vigo de cumprir a esixencia da Xunta de Galicia de rebaixar a masa salarial nun 5% pola vía dos complementos autonómicos, castigando ao PDI mais produtivo da Universidade. Sobre esta decisión presentamos no seu día escrito de queixa diante do Valedor do Pobo, que respostou deste xeito:

*"Parece claro que os Criterios interpretativos sobre o axuste retributivo das entidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia previsto nos artigos 37 e 38 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013 non foron impostos ás universidades senón que tiñan un carácter meramente indicativo".*

E di mais adiante:

"Por outra banda, é criticable a proposta de aplicar a redución sobre os componentes da nómina que retribúen a produtividade, a excelencia curricular ou outros méritos académicos polo que isto supón de desincentivo nun dos retos prioritarios do sistema universitario que é o da eficiencia. Carece de sentido pretender mellorar o rendemento, a calidade e os resultados da actividade docente e investigadora penalizando despois aos que teñen obtido o recoñecemento de certos niveis nas correspondentes avaliacións."

En resumo, unha decisión inconcibible nunha Universidade que pretende a excelencia. Por iso o noso compromiso: non damos a batalla por perdida, e loitaremos para que dalgún xeito se recupere o salario perdido, entendendo que a Reitoría ten marxe para rectificar una decisión que ela mesma tomou.

---

### A NOSA CANDIDATURA Á XUNTA DE PDI:

1. *Pedro Pablo Gallego Veigas (F. Bioloxía)*
2. *Generosa Fernández Manín (E.E. Telecomunicación)*
3. *J. Nicanor Alonso Álvarez (F.C.C. Económicas e Empresariais)*
4. *Marta María Cabeza Simó (E.T.S.E Minas)*
5. *Leandro Rodríguez Liñares (E.S.E. Informática, OU)*
6. *Natividad Calvo Ruibal (E.E. Telecomunicación)*
7. *Mohamed Boutinguiza Larosi (E.E. Industrial)*
8. *Marta Pérez Rodríguez (E.S.E. Informática, OU)*
9. *José Luis González Cespón (E.E. Industrial)*
10. *Mª José Moure Rodríguez (E.E. Telecomunicación)*
11. *Leandro Alejano Monge (E.T.S.E. Minas)*
12. *Edita de Lorenzo Rodríguez (E.E. Telecomunicación)*
13. *José Mª Martín Moreno (F. C.C. Económicas e Empresariais)*
14. *Concepción Pérez Lamela (F. Ciencias, OU)*
15. *Ricardo A. Mosquera Castro (F. Química)*
16. *Mª Julia Cristóbal Ortega (E.E. Industrial)*
17. *Emilio Rolán Álvarez (F. Bioloxía)*
18. *Adolfo Cordero Rivera (E.E. Forestal, PO)*
19. *Belén Rubio Armesto (F. Ciencias del Mar)*
20. *Juan José Rodríguez Andina (E.E. Industrial)*
21. *María Vera Isasa (E.E. Telecomunicación)*